

CIRCULAR PROBA DE ALEMÁN (CÓDIGO 13)

ABAU 2020-2021

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros:

Con esta circular queremos informar que a proba de Alemán (código 13) para a ABAU deste curso 2020-2021 non presenta apenas cambios con respecto á do curso pasado debido á situación excepcional na que nos atopamos por mor da pandemia da COVID-19.

A proba de Alemán (código 13), que segue o formato confeccionado na convocatoria pasada e no que desaparece a pregunta vinculada a unha audición, seguindo as directrices recibidas para a elaboración da mesma, consta de seis preguntas de 2,5 puntos cada unha. O alumnado debe **escoller soamente CATRO**, seleccionadas e combinadas libremente (no caso de que responda máis de catro, só serán corrixidas as catro primeiras preguntas que se respondan).

As seis cuestións xiran ao redor de preguntas que avalían a comprensión lectora, a competencia léxica e gramatical e a competencia comunicativa no ámbito da produción escrita.

O formato do exame, para o que se mantén unha duración de 1 hora e 30 minutos, estrutúrase do seguinte xeito:

Pregunta 1 e 2: 2,5 puntos

Será proposto un texto debendo responder en cada caso a:

1.1. Título e resumo do texto (1,5 puntos): Esta pregunta pretende comprobar a comprensión xeral do texto por parte do/a alumno/a, así como a súa capacidade para resumir as ideas principais, tanto nun título como nunha síntese. O/A alumno/a debe resumir o que leu en **aproximadamente 70 palabras** que non han de ser extraídas literalmente do texto, senón froito da súa propia expresión.

1.2. Definición de CINCO palabras ou expresións contidas no texto (1 punto): Aínda que é preferible a explicación do termo, poderanse escribir sinónimos ou exemplos nos que se vexa claramente o significado da palabra.

Pregunta 3: 2,5 puntos

Avaliarase a competencia lingüística (gramatical) a partir dun texto no que hai que encher 10 ocos relacionados con aspectos gramaticais propios do nivel de bacharelato de acordo á normativa vixente.

Pregunta 4, 5 e 6: 2,5 puntos

Avaliación da competencia comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Serán ofrecidos varios temas a desenvolver. O/A alumno/a deberá facer unha **redacción de aproximadamente 120 palabras**. Nestas preguntas de produción escrita valorarase en xeral a coherencia do discurso, a fluidez na expresión, a corrección morfosintáctica así como a riqueza de recursos léxicos e expresivos do/a alumno/a.

Puntuación total da proba escrita: 10 puntos.

Un saúdo moi cordial e moita saúde.

O grupo de traballo de Alemán